



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE FACENDA
Dirección Xeral da Función Pública



**Proceso selectivo para o ingreso no corpo superior
da Administración da Xunta de Galicia (A1),
escala de sistemas e tecnoloxía da información**

**Primeiro exercicio
(acceso libre)**

OPCIÓN B

NON abra o exame ata que o tribunal llo indique

1. Segundo o art.º 9.2 da Constitución Española:

- A) Corresponde á Administración Xeral do Estado promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivas.
- B) Corresponde ao goberno central promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivas.
- C) Corresponde aos poderes públicos promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivas.
- D) Corresponde as Cortes Xerais promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivas.

2. Segundo o art.º 149.3 da Constitución Española, o dereito estatal será supletorio do dereito das Comunidades Autónomas:

- A) No non asumido por estas.
- B) En todo caso.
- C) No non atribuído a estas de modo expreso.
- D) Segundo o dispoñan os seus respectivos Estatutos.

3. Segundo o art.º 18 da Constitución Española:

- A) A Lei limitará o uso da informática para garantir a liberdade de opinión das persoas.
- B) A lei limitará o uso da informática para garantir a honra e a intimidade persoal e familiar dos cidadáns e o pleno exercicio dos seus dereitos.
- C) Garántese o segredo inviolable das comunicacións postais, telegráficas e telefónicas.
- D) Garántese o dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, salvo resolución xudicial.

4. Indique cal das seguintes afirmacións non aparece recollida no Estatuto de Autonomía para Galicia.

- A) Os poderes da Comunidade Autónoma exércense a través do Parlamento, da Xunta e do seu Presidente.
- B) Santiago de Compostela é a capital de Galicia.
- C) A organización territorial terá en conta a distribución da poboación galega e as súas formas tradicionais de convivencia e asentamento.
- D) A Comunidade Autónoma, mediante acordo do Parlamento, poderá emitir débeda pública para financiar gastos de investimento.

5. Segundo o art.º 17 do Estatuto de Autonomía para Galicia, a Xunta cesa:

- A) Antes da celebración de eleccións ao Parlamento Galego e nos casos de perda de confianza parlamentaria, dimisión ou falecemento do Presidente.
- B) Tras a celebración de eleccións ao Parlamento Galego no caso de perdelas o Partido do Goberno, e nos casos de perda da confianza parlamentaria, dimisión ou falecemento do Presidente.
- C) Tras a celebración de eleccións ao Parlamento Galego, nos casos de perda da confianza parlamentaria, dimisión e falecemento do Presidente.
- D) Tras a celebración de eleccións á Presidencia da Xunta, ou nos casos de dimisión ou falecemento do Presidente.

6. **Segundo o art.º 56 do Estatuto de Autonomía para Galicia, indique cal das seguintes afirmacións relativa á reforma do Estatuto é correcta:**
- A) A iniciativa da reforma corresponderá á Xunta, ao Parlamento galego, por proposta da maioría absoluta dos seus membros, ou ás Cortes Xerais.
 - B) Se a proposta de reforma non é aprobada polo Parlamento galego ou polas Cortes Xerais ou non é confirmada mediante referendo polo Corpo electoral, non poderá ser sometida novamente a debate e votación do Parlamento ata que transcorra un ano.
 - C) A proposta de reforma requirirá, en todo caso, a aprobación do Parlamento galego por maioría de tres quintos, a aprobación das Cortes Xerais mediante Lei Orgánica e, finalmente, o referendo positivo dos electores.
 - D) A aprobación da reforma polas Cortes Xerais, mediante Lei ordinaria, incluírá a autorización do Estado para que a Comunidade Autónoma galega convoque o referendo a que se refire o parágrafo *b* do apartado *un* deste artigo.
7. **Segundo o art.º 25 do Estatuto Básico do Empregado Público, indique cal das retribucións complementarias previstas no art.º 24 NON é percibida polos funcionarios interinos:**
- A) A relativa á progresión alcanzada polo funcionario dentro do sistema de carreira administrativa.
 - B) A relativa á especial dificultade técnica, responsabilidade, dedicación, incompatibilidade esixible para o desempeño de determinados postos de traballo ou ás condicións nas que se desenvolve o traballo.
 - C) A relativa ao grao de interese, iniciativa ou esforzo con que o funcionario desempeña o seu traballo e ao rendemento ou resultados obtidos.
 - D) A relativa aos servizos extraordinarios prestados fóra da xornada normal de traballo.
8. **Segundo o establecido no art.º 16 do Estatuto Básico do Empregado Público, a carreira horizontal consiste en:**
- A) O ascenso na estrutura de postos de traballo polos procedementos de provisión establecidos.
 - B) O ascenso dende un corpo ou escalón dun Subgrupo, ou Grupo de clasificación profesional no suposto de que este non teña Subgrupo, a outro superior, superando as correspondentes probas.
 - C) O ascenso a corpos ou escalóns do mesmo subgrupo profesional.
 - D) A progresión de grao, categoría, escalón ou outros conceptos análogos sen necesidade de cambiar de posto de traballo.
9. **Sinale a resposta correcta. O art.º 7 do Decreto legislativo 1/2008 polo que se aproba o texto refundido da Lei da Función Pública de Galicia, refírese ao persoal eventual como:**
- A) Persoal que, con carácter non permanente, ocupa un posto de traballo expresamente cualificado de confianza ou asesoramento especial non reservado a persoal funcionario.
 - B) Persoal que con carácter permanente, ocupa un posto de traballo considerado de confianza ou asesoramento especial reservado a persoal funcionario.
 - C) Persoal que con carácter non permanente, ocupa un posto de traballo considerado de confianza ou asesoramento especial reservado a persoal funcionario.
 - D) Persoal que con carácter permanente, ocupa un posto de traballo considerado de confianza ou asesoramento especial non reservado a persoal funcionario.
10. **Segundo o art.º 79 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común os interesados poden alegar defectos de tramitación:**
- A) En todo momento.
 - B) En calquera momento anterior ao trámite de audiencia.
 - C) En calquera momento anterior á resolución.
 - D) No trámite de audiencia.

11. **Segundo o art.º 142 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, a forma de iniciación dun procedemento de reclamación por responsabilidade patrimonial é:**
- A) Sempre de oficio, mediante acordo motivado do órgano competente.
 - B) Sempre por reclamación dos interesados.
 - C) De oficio ou por reclamación dos interesados.
 - D) De oficio ou por reclamación do interesado en caso do procedemento xeral e exclusivamente de oficio no caso do abreviado.
12. **Segundo o art.º 9 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, os contratos de adquisición de programas de ordenador feitos á medida considéranse contratos de:**
- A) Servizos.
 - B) De xestión.
 - C) Consultoría e asistencia técnica.
 - D) De subministracións.
13. **Segundo o art.º 3 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea sinala cal das seguintes NON é unha competencia exclusiva da Unión Europea:**
- A) O establecemento das normas sobre competencia necesarias para o funcionamento do mercado interior.
 - B) A conservación dos recursos biolóxicos mariños dentro da política pesqueira común.
 - C) A política de cohesión económica, social e territorial.
 - D) A política monetaria dos Estados membros cuxa moeda é o euro.
14. **O art.º 8 da Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes refírese ao informe sobre o impacto de xénero na elaboración dos regulamentos elaborados pola Xunta de Galicia. Sinala cal das seguintes afirmacións con respecto a estes informes é a correcta:**
- A) Son preceptivos e vinculantes.
 - B) Son preceptivos e non vinculantes.
 - C) Non son preceptivos pero si vinculantes.
 - D) Non son preceptivos nin vinculantes.
15. **Segundo o art.º 73 do Decreto Lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e presupostario de Galicia, as catro fases da xestión económica e financeira do presuposto de gastos, son:**
- A) Autorización do gasto, a disposición, o recoñecemento da obriga e a ordenación do pagamento.
 - B) Autorización do gasto, o recoñecemento da obriga, a conformación do pagamento e a ordenación do pagamento.
 - C) Autorización do gasto, o contraído do recurso, o recoñecemento da obriga e a ordenación do pagamento.
 - D) Compromiso do gasto, recoñecemento da obriga, a disposición e a ordenación do pagamento.
16. **Dentro do marco de COBIT, as actividades de Tecnoloxías da Información (TI) defínense nun marco xenérico de procesos organizado en catro dominios. Indique cal dos seguintes NON se corresponde cun deses catro dominios:**
- A) Monitorear e Evaluar (ME)
 - B) Planear e Organizar (PO)
 - C) Entregar e Dar Soporte (DS)
 - D) Definir e Asegurar (DA)
17. **Indique cal das seguintes é unha razón común pola que os proxectos se exceden en presuposto ou en datas:**
- A) Custo dos especialistas de Tecnoloxías da Información.
 - B) Indisponibilidade da última tecnoloxía.
 - C) Subestimación do esforzo requirido.
 - D) Falta de automatización das ferramentas de desenvolvemento.

18. **Cal dos seguintes é un obxectivo da xestión de risco?**
- A) Aumentar o presuposto de seguridade de Tecnoloxías da Información
 - B) Transparencia cara á empresa dos riscos significativos
 - C) Coñecemento das últimas ferramentas en materia de seguridade
 - D) Conducir unha análise de risco detallado
19. **A familia de normas ISO9000 establece os requisitos xenéricos para a implantación de sistemas de xestión da calidade, aplicables en organizacións de calquera tipo. Dentro desta familia, a norma ISO9004 contén:**
- A) Principios básicos que debe cumprir o sistema de xestión da calidade e cal é a terminoloxía que utiliza.
 - B) Requisitos para un sistema de xestión da calidade orientado cara á satisfacción dos clientes.
 - C) Recomendacións sobre a aplicación da calidade incluíndo os procesos de mellora continua.
 - D) Guía para realizar as auditorías de calidade.
20. **No ámbito de ITIL, cal é outro termo para o concepto *tempo de dispoñibilidade (Uptime)*?**
- A) Tempo Medio entre Fallos (MTBF)
 - B) Tempo Medio de Reparación (MTTR)
 - C) Tempo Medio entre Incidentes do Sistema (MTBSI)
 - D) Relación entre MTBF e MTBSI
21. **No ámbito de ITIL, o *Control* é unha das actividades da *Xestión a Configuración*. De qué se trata esta actividade?**
- A) A actualización dos cambios de Elementos de Configuración e as súas relacións na Base de Datos de Xestión da Configuración.
 - B) Comprobar se os Elementos de Configuración e os seus atributos se reflicten correctamente na Base de Datos de Xestión da Configuración.
 - C) Implantar novos Elementos de Configuración no ámbito de explotación.
 - D) Facer inventario dos Elementos de Configuración.
22. **No ámbito de ITIL, cales dos seguintes procesos inclúen a necesidade de realizar unha *Avaliación e Xestión de Risco*?**
- 1. ***Xestión de Continuidade de Servizos de TI***
 - 2. ***Xestión de Seguridade da Información***
 - 3. ***Xestión do Nivel de Servizo***
- A) Todos.
 - B) Só 1 e 3.
 - C) Só 2 e 3.
 - D) Só 1 e 2.
23. **O art.º 6 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos, determina os dereitos dos cidadáns na relación electrónica coa administración. Indique cal dos seguintes NON é correcto:**
- A) A coñecer por medios electrónicos o estado de tramitación dos procedementos nos que teña a condición de interesado, salvo nos supostos nos que a normativa de aplicación estableza restricións ao acceso á información sobre aqueles.
 - B) A elixir, de entre aqueles que en cada momento se encontren dispoñibles, a canle a través da cal relacionarse por medios electrónicos coas administracións.
 - C) A utilización de calquera sistema de sinatura electrónica que estea baseado en estándares abertos.
 - D) Á calidade dos servizos públicos prestados por medios electrónicos.

24. **O art.º 4 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos, establece os principios xerais aos que deben axustarse o uso das tecnoloxías da información. Indique cal das seguintes afirmacións acerca dos principios xerais da lei NON é correcta:**
- A) Principio de seguridade na implantación e utilización dos medios electrónicos polas Administracións Públicas, en cuxa virtude se esixirá polo menos o mesmo nivel de garantías e seguridade que se require para a utilización de medios non electrónicos na actividade administrativa.
 - B) O Principio de simplificación administrativa require que se reduzan de xeito substancial os tempos e prazos dos procedementos administrativos, logrando unha maior eficacia e eficiencia na actividade administrativa.
 - C) O Principio de proporcionalidade require que só se esixan as garantías e medidas de seguridade axeitadas á natureza e circunstancias dos distintos trámites e actuacións.
 - D) O Principio de impulso dos procesos dixitais co obxecto de potenciar o uso de medios electrónicos nas relacións coa administración.
25. **O art.º 9 do Real Decreto 4/2010, polo que se regula o Esquema Nacional de Interoperabilidade no ámbito da Administración electrónica, refírese ao inventario de información administrativa, e establece que as administracións públicas deberán manter nel:**
- A) Os procedementos administrativos e servizos que prestan de forma clasificada e estruturados en familias, con indicación do nivel de informatización destes.
 - B) A relación actualizada dos órganos de dirección dos organismos e entidades da administración pública.
 - C) A relación dos documentos ou datos que pode facilitar a outras administracións a través dun nodo de interoperabilidade, indicando as condicións de acceso e uso deste.
 - D) A relación de sedes electrónicas que complementan a rede de oficinas de rexistro e atención ao cidadán.
26. **No contexto do Real Decreto 4/2010, polo que se regula o Esquema Nacional de Interoperabilidade no ámbito da Administración electrónica, indique cal é o termo para definir aquela dimensión da interoperabilidade relativa a que a información intercambiada poida ser interpretable de forma automática e reutilizable por aplicacións que non interviñeron na súa creación:**
- A) Interoperabilidade Organizativa.
 - B) Interoperabilidade Semántica.
 - C) Interoperabilidade Técnica.
 - D) Interoperabilidade no Tempo.
27. **No contexto do Real Decreto 3/2010, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade no ámbito da Administración electrónica, nas decisións en materia de seguridade deberán terse en conta unha serie de principios básicos. Indique cales son os principios básicos considerados no Esquema Nacional de Seguridade (ENS):**
- A) "Seguridade integral", "Xestión de riscos", Prevención, reacción e recuperación, "Liñas de defensa", "Reavaliación periódica", "Función diferenciada".
 - B) "Análise e xestión dos riscos", "Xestión de persoal", "Profesionalidade", "Seguridade por defecto", "Integridade e actualización do sistema", "Continuidade da Actividade".
 - C) "Mecanismos de control", "Actualización permanente", "Formación", "Ciclo de vida de servizos e sistemas", "Auditorías".
 - D) Ningunha das respostas anteriores é correcta.
28. **Segundo o art.º 8 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes, a quén corresponde a titularidade da sede electrónica da Xunta de Galicia?**
- A) Á Consellería competente en materia de administracións públicas.
 - B) Á Consellería competente en materia de administración electrónica.
 - C) Á Presidencia da Xunta de Galicia.
 - D) Á Secretaría Xeral da Presidencia.

29. **A Lei 59/2003, do 19 de decembro, de sinatura electrónica, outorga a equivalencia funcional coa firma manuscrita respecto dos datos consignados en forma electrónica a:**
- A) A sinatura electrónica xeral.
 - B) A sinatura electrónica avanzada.
 - C) A sinatura electrónica recoñecida
 - D) A sinatura electrónica autenticada.
30. **Segundo o art.º 98 do Real Decreto Lexislativo 1/1996, do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual, cal é a duración dos dereitos de explotación dun programa de ordenador?**
- A) 60 anos
 - B) 50 anos
 - C) 80 anos
 - D) Ningunha é correcta
31. **A Licenza Pública Xeral Reducida de GNU (LGPL) é unha licenza de software que utiliza:**
- A) Copyright.
 - B) Copyleft débil.
 - C) Copyleft forte.
 - D) Ningunha das respostas anteriores é correcta.
32. **O art.º 11 da Lei 32/2003, do 3 de novembro, Xeral de Telecomunicacións, indica os principios xerais aplicables ao acceso ás redes e recursos asociados e á súa interconexión. Indique cal das seguintes afirmacións NON é correcta:**
- A) Os operadores de redes públicas de comunicacións electrónicas terán o dereito e, cando se solicite por outros operadores de redes públicas de comunicacións electrónicas, a obriga de negociar a interconexión mutua co fin de prestar servizos de comunicacións electrónicas dispoñibles ao público, co obxecto de garantir así a prestación de servizos e a súa interoperabilidade.
 - B) Non existirán restricións que impidan que os operadores negocien entre si acordos de acceso ou interconexión.
 - C) A Comisión do Mercado das Telecomunicacións intervirá nas relacións entre operadores, a petición do Consello de Ministros.
 - D) Os operadores que obteñan información doutros, no proceso de negociación de acordos de acceso ou interconexión, destinarán a devandita información exclusivamente aos fins para os que lles foi facilitada.
33. **Segundo o art.º 20 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, nas disposicións de creación ou modificación dos ficheiros das administracións públicas NON é necesario que se recolla:**
- A) A finalidade do ficheiro e os usos previstos para él.
 - B) O procedemento de recollida dos datos de carácter persoal.
 - C) As cesións de datos de carácter persoal e, no seu caso, as transferencias de datos que se prevexan a países terceiros.
 - D) O destino dos datos para o caso de supresión do ficheiro e as previsións a adoptar para a súa destrución.

34. **Segundo o Real Decreto 1720/2007 indique cal das seguintes é unha medida de seguridade de nivel medio:**
- A) De cada intento de acceso gardaranse, como mínimo, a identificación do usuario, a data e hora en que se realizou, o ficheiro accedido, o tipo de acceso e se foi autorizado ou denegado.
 - B) A transmisión de datos de carácter persoal a través de redes públicas ou redes inarámicas de comunicacións electrónicas realizarase cifrando os devanditos datos ou ben utilizando calquera outro mecanismo que garanta que a información non sexa intelixible nin manipulada por terceiros.
 - C) Deberá conservarse unha copia de respaldo dos datos e dos procedementos de recuperación destes nun lugar diferente daquel en que se encontren os equipos informáticos que os tratan.
 - D) Exclusivamente o persoal autorizado no documento de seguridade poderá ter acceso aos lugares onde se achen instalados os equipos físicos que dean soporte aos sistemas de información.
35. **No ámbito de aplicación do Decreto 230/2008, do 18 de setembro, polo que se establecen as normas de boas prácticas na utilización dos sistemas de información da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, indique cal das seguintes afirmacións NON se recolle no devandito decreto:**
- A) Unicamente o persoal de soporte técnico, autorizado polo órgano responsable, poderá instalar as aplicacións necesarias nos equipos informáticos ou nos terminais de comunicacións e realizar a configuración necesaria nos sistemas operativos.
 - B) Por motivos de seguridade, a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia poderá monitorizar os accesos á información contida nos seus sistemas, cumprindo os requisitos que para o efecto establece a normativa vixente.
 - C) Por razóns de seguridade e rendemento, os órganos responsables do servizo poderán monitorizar de forma selectiva o servizo de mensaxería corporativa.
 - D) As persoas usuarias en ningún caso poderán acceder fisicamente ao interior dos seus equipos.
36. **A norma SICRES 3.0 recolle:**
- A) O modelo de Datos para o intercambio de asentos e entre as Entidades Rexistradas con independencia do Sistema de Rexistro orixe ou destino, e da tecnoloxía de intercambio.
 - B) O formato estándar para o intercambio de información do inventario de información administrativa que debe manter cada administración pública.
 - C) O formato estándar para o deseño dos servizos de interoperabilidade, para o intercambio de datos e documentos.
 - D) O formato estándar para o intercambio de documentos electrónicos.
37. **Sinale a resposta correcta. Con respecto á Sede Electrónica podemos dicir qué:**
- A) A Sede Electrónica debe estar accesible dende a páxina principal da web institucional da Administración Pública correspondente.
 - B) Nunha Administración Pública cada órgano de dirección (*Ministerio, Consellería, Consejería*) debe ter a súa propia sede electrónica.
 - C) Unha vez constituída a sede electrónica, os taboleiros de anuncios poden ser substituídos ou complementados pola publicación electrónica en sede.
 - D) Debe facilitar información das oficinas de rexistro e atención ao cidadán, dos órganos de goberno e o directorio de persoal da Administración Pública.

- 38. A rede SARA créase para cumprir o precepto establecido no art.º 43 da Lei 11/2007. A súa finalidade é:**
- A) Poñer a disposición das administracións autonómicas un conxunto de infraestruturas tecnolóxicas que permiten a comunicación entre os servizos centrais de cada administración e as súas respectivas delegacións territoriais.
 - B) Poñer a disposición das institucións que acorden o seu uso, unha rede de comunicacións de alta capacidade, que permite á comunidade académica e científica española participar en proxectos de investigación nacionais e internacionais onde se requiran servizos avanzados de comunicacións.
 - C) Permitir a interconexión das administracións públicas, facilitando o intercambio de información e servizos entre elas.
 - D) Establecer o punto de interconexión entre a rede de comunicacións da Administración Xeral do Estado coa rede transeuropea TESTA, para o desenvolvemento de servizos transfronteirizos.
- 39. Un exemplo de servizo de interoperabilidade é o Servizo de Verificación de Identidade. Indique cal das seguintes afirmacións NON é correcta:**
- A) Permite a verificación dos datos de identidade dun cidadán sen que este presente a fotocopia do documento de identidade para achegar ao expediente.
 - B) Pódese utilizar sempre que o cidadán preste o seu consentimento para iso.
 - C) É unha información facilitada pola Dirección Xeneral da Policía a través da Plataforma de intermediación da Administración Xeral do Estado.
 - D) Pódese utilizar en calquera momento da tramitación dun expediente administrativo, e por ser utilizado por unha administración pública non require consentimento expreso do cidadán.
- 40. Indique cal dos seguintes servizos NON se ofrece pola plataforma @firma:**
- A) Funcionalidades de verificación.
 - B) Funcionalidades de sinatura.
 - C) Selado de tempo (TSA).
 - D) Servizos de intermediación de documentos.
- 41. O proxecto STORK é un:**
- A) Proxecto para conseguir o recoñecemento paneuropeo das identidades electrónicas e, en concreto, a aceptación do DNI electrónico e identificadores similares en Servizos de Administración Electrónica doutras administracións europeas.
 - B) Proxecto para conseguir a interoperabilidade do documento de identificación nacional entre os estados da Unión Europea.
 - C) Proxecto para conseguir a interconexión das redes administrativas europeas.
 - D) Proxecto para conseguir o recoñecemento paneuropeo da definición e metadatos requiridos do documento electrónico, co fin último da interconexión de rexistros administrativos.
- 42. Os certificados electrónicos recoñecidos incorporados ao DNI electrónico terán un período de vixencia de:**
- A) 24 meses.
 - B) 30 meses.
 - C) 5 anos.
 - D) O período de validez do documento nacional de identidade.
- 43. Ao realizar unha presentación telemática nun rexistro electrónico, o rexistro electrónico recibe a documentación e xera un recibo para o cidadán. Este recibo vai asinado electronicamente pola administración mediante un certificado de:**
- A) Sede Electrónica
 - B) Empregado Público
 - C) De Compoñente
 - D) Selo electrónico ou selo de órgano

44. **Indique cal das seguintes afirmacións con respecto ao selado de tempo é correcta:**
- A) É unha sinatura electrónica realizada por unha TSA que nos permite demostrar que os datos subministrados existiron e non foron alterados dende un instante específico no tempo.
 - B) É unha sinatura electrónica realizada por unha TSA que nos permite demostrar que un documento electrónico foi asinado nun momento no tempo concreto.
 - C) É unha sinatura electrónica realizada por unha TSA que garante fehacientemente a data e hora dunha sede electrónica.
 - D) É unha sinatura electrónica sincronizada co ROA que garante fehacientemente a data e hora dunha sede electrónica.
45. **No Consello de Ministros do 4 de novembro de 2005 apróbase a posta en marcha dun programa para a promoción da sociedade da información e o coñecemento. Este programa coñécese como:**
- A) Programa ADE (Axenda Dixital Estatal)
 - B) Programa Avanza
 - C) Programa ImpulsaTIC
 - D) Programa CeMIT
46. **Nun modelo relacional existen restricións inherentes (propias do modelo) e restricións semánticas (de usuario). Indique cal das seguintes opcións NON é unha restrición semántica:**
- A) Unicidade de valor nun atributo.
 - B) Obrigatoriedade de que un atributo non admita nulos.
 - C) Integridade referencial.
 - D) Obrigatoriedade de existencia de clave primaria.
47. **Referíndonos ao concepto de claves foráneas nun modelo relacional, indique cal das seguintes opcións NON é correcta:**
- A) A clave foránea pode facer referencia á clave primaria da mesma táboa.
 - B) A clave foránea pode ter valores nulos.
 - C) A clave foránea pode ter valores duplicados.
 - D) A clave foránea pode estar formada por unha parte da clave primaria á que fai referencia.
48. **Indique cal das seguintes opcións NON é correcta para ser considerada como unha das características das Bases de Datos XML nativas**
- A) As Bases de Datos XML nativas son bases de datos centradas en documentos
 - B) As Bases de Datos XML nativas permiten a creación de índices
 - C) As Bases de Datos XML nativas soportan só a linguaxe de consulta XML
 - D) As Bases de Datos XML nativas non teñen ningún modelo de almacenamento físico subxacente concreto
49. **Existen diferentes tipos de relacións para un sistema de xestión de bases de datos relacional. Indique cal é a opción correcta que define ás do tipo instantáneas.**
- A) Son relacións con nome e derivadas. Son reais: están representadas non só pola súa definición en termos doutras relacións con nome, senón tamén polos seus propios datos almacenados. Son relacións de só de lectura e refréscanse periódicamente.
 - B) Son relacións con nome e derivadas. Son virtuais: están representadas pola súa definición en termos doutras relacións con nome e non posúen os seus propios datos almacenados. Son relacións de só de lectura e refréscanse periódicamente.
 - C) Son relacións sen nome e resultantes dalgunha consulta específica e non persisten na base de datos.
 - D) Son relacións que poden ou non ter nome e resultantes dalgunha consulta específica e non persisten na base de datos.

50. **En SQL, cal das seguintes sentenzas é correcta?**
- A) TRUNCATE TABLE, borra a táboa da base de datos
 - B) TRUNCATE TABLE é funcionalmente igual a DELETE TABLE
 - C) TRUNCATE TABLE debe ser usado coa cláusula WHERE
 - D) Ningunha das anteriores é correcta
51. **No contexto do DCL (Linguaxe de control de datos), indique cal das seguintes afirmacións NON é correcta:**
- A) A sentenza para controlar o nivel de illamento é SET TRANSACTION ISOLATION LEVEL.
 - B) A sentenza GRANT utilízase para conceder privilexios de seguridade sobre obxectos da base de datos a usuarios específicos.
 - C) Os privilexios que se concederon coa sentenza GRANT poden ser retirados coa sentenza REMOVE.
 - D) Na execución dunha transacción a sentenza COMMIT [WORK]. Remata a transacción actual gravando permanentemente as modificacións.
52. **Cal dos seguintes se corresponde cun módulo dentro dun ERP (Enterprise Resource Planning)?**
- A) Recursos Humanos
 - B) Planificación Estratéxica
 - C) Seguridade de Información
 - D) HelpDesk
53. **Indique cal dos seguintes elementos NON se asocia a un sistema datawarehouse:**
- A) Un motor de transaccións.
 - B) As ferramentas de Extracción, Transformación e Carga de datos.
 - C) As ferramentas de explotación analítica da información.
 - D) A base de datos multidimensional.
54. **A análise multidimensional fundaméntase en modelar a información en dimensións, feitos e medidas. Indique cal das seguintes afirmacións NON é correcta:**
- A) As dimensións corresponden a un conxunto de elementos con características comúns que responden a unha pregunta de negocio. Representan diferentes perspectivas de análise.
 - B) Os feitos identifican os valores das medidas de negocio para unha combinación concreta de dimensións.
 - C) Enténdese por granularidade da información almacenada nunha táboa de feitos, o nivel de detalle dos devanditos datos.
 - D) As dimensións organízanse en xerarquías. Cada dimensión está nunha única xerarquía.
55. **Os sistemas de xestión de contidos, (CMS en inglés), son un tipo especial de software orientado á creación, administración e distribución de contidos dixitais. Indique cal das seguintes afirmacións NON é correcta.**
- A) Dispoñen dunha interface que permite controlar unha ou varias bases de datos onde se aloxa o contido do sitio.
 - B) Permiten manexar de forma independente o contido e o deseño.
 - C) Permiten unha xestión de roles de usuarios: administrador, autor, editor, lector...
 - D) Garanten a accesibilidade dos portais e contidos dixitais.
56. **Os tipos de motores de busca que centran os seus resultados en buscas que realizan sobre outros buscadores, obtendo inicialmente un conxunto de resultados doutro buscador, e a continuación refinan eses resultados presentando unha selección propia, denomínanse:**
- A) Metabuscadores.
 - B) Multibuscadores.
 - C) Directorios.
 - D) Spider ou crawlers.

- 57. Indique cal das seguintes afirmacións sobre RSS NON é correcta**
- A) RSS é un formato para a sindicación de contidos de páxinas web
 - B) RSS é un agregador de contidos de diversas páxinas web de noticias
 - C) RSS é parte da familia dos formatos XML
 - D) É un acrónimo de Really Simple Syndication
- 58. En que consiste o podcasting?**
- A) Trátase dun formato XML para syndicar ou compartir contido na web. Utilízase para difundir información actualizada frecuentemente a usuarios que se subscribiron á fonte de contidos.
 - B) Creación de sitios web cuxas páxinas poden ser editadas por múltiples voluntarios a través do navegador web. Os usuarios poden crear, modificar ou borrar un mesmo texto que comparten.
 - C) Comunidade cuxos vínculos, interaccións e relacións teñen lugar non nun espazo físico senón nun espazo virtual como Internet.
 - D) Distribución de arquivos multimedia (normalmente audio ou vídeo, que pode incluír texto como subtítulos e notas) mediante un sistema de redifusión que permita subscribirse e usar un programa que o descarga para que o usuario o escoite no momento que queira.
- 59. Indique cal dos seguintes é un modelo de almacenamento de datos nun Sistema de Información Xeográfica (SIG).**
- A) Modelo raster
 - B) Modelo de superposición de mapas
 - C) Modelo dublincore
 - D) Modelo geoparser
- 60. Tendo en conta as características do protocolo XMPP (Extensible Messaging and Presence Protocol), indique cal das seguintes opcións é correcta:**
- A) XMPP foi formalizado como unha tecnoloxía de mensaxería instantánea estándar
 - B) XMPP é totalmente centralizado, para a posta en marcha de XMPP requírese obrigatoriamente un servidor central
 - C) XMPP non permite a encriptación das comunicacións
 - D) XMPP non é extensible, ao non permitir crear funcionalidades personalizadas
- 61. Entre os diferentes tipos de servidores que existen, indique en cal deles é correcto que se realicen as funcións dun servizo de cortalumes.**
- A) Servidor de acceso remoto
 - B) Servidor web
 - C) Servidor de rede
 - D) Servidor de comunicacións
- 62. Nunha arquitectura de 3 capas existen os compoñentes intermedios chamados middleware. Indique cal das seguintes opcións NON é correcta para ser considerada como unha das capas ou niveis de comunicación nos que se estruturan os middleware:**
- A) Protocolo de transporte
 - B) Canle de enlace de datos
 - C) Protocolo de servizo
 - D) Sistema operativo en rede
- 63. Un dos compoñentes dunha granxa de servidores son os monitores transaccionais que teñen como función realizar a xestión de transaccións. Indique cal das seguintes opcións é correcta como unha das partes que intervén na devandita xestión de transaccións:**
- A) Xestor de aplicación
 - B) Xestor de servizo
 - C) Xestor de rexistro
 - D) Xestor de sesión

- 64. Nunha arquitectura web en .NET, indique cal é a opción correcta que define unha Biblioteca de Clases Base (BCB)**
- A) A Biblioteca de Clases Base é unha API de alto nivel para permitir acceder aos servizos que ofrece o CLR (Common Language Runtime) a través de obxectos nunha xerarquía denominada espazo de nomes.
 - B) A Biblioteca de Clases Base é unha API de baixo nivel para permitir acceder aos datos que ofrece o ASP.NET a través de obxectos nunha xerarquía denominada espazo de nomes.
 - C) A Biblioteca de Clases Base é un conxunto de librarías que permiten realizar as operacións de acceso a datos.
 - D) A Biblioteca de Clases Base é un conxunto de clases, interfaces e tipos valor que son a base para a compilación do código fonte a un código intermedio denominado CIL (Common Intermediate Language).
- 65. Nunha arquitectura web en J2EE, indique cal é a opción correcta que representa a capa á que pertence a solución JCA (J2EE Connector Architecture)**
- A) Capa de cliente
 - B) Capa de lóxica de negocio
 - C) Capa de integración
 - D) Capa de sistemas de información
- 66. Nunha arquitectura SOA existe unha capa na que se realiza a función de monitorización e control de servizos. Indique cal é a opción correcta que define a devandita capa.**
- A) Capa de control
 - B) Capa de servizos
 - C) Capa de SOA Governance
 - D) Capa de SOA Enterprise Service Bus
- 67. A arquitectura dunha Aplicación Web Híbrida (Mashup) está composta por diferentes partes. Indique cal NON é a opción correcta para ser considerada como unha desas partes.**
- A) Sitio web
 - B) Interface de usuario
 - C) Servidor de aplicacións
 - D) Proveedor de contidos
- 68. Os patróns de deseño agrúpanse en diferentes categorías. Indique cal NON é a opción correcta para ser considerada como unha destas categorías:**
- A) Estruturais
 - B) De análise
 - C) De comportamento
 - D) De creación
- 69. Para o concepto de struts, indique cal das seguintes opcións é correcta:**
- A) Struts é un framework que se basea no patrón MVC (Model View Controller)
 - B) Struts é un framework que se basea na tecnoloxía JSF (Java Server Faces)
 - C) Struts é un patrón de deseño para plataformas.NET
 - D) Struts é un patrón de deseño para plataformas JEE
- 70. Indique cal das seguintes definicións referidas á técnica AJAX (Asynchronous JavaScript And XML) é correcta**
- A) AJAX é unha plataforma válida só para plataformas JEE.
 - B) AJAX non representa unha tecnoloxía en si mesma, senón que se trata da combinación dun grupo de tecnoloxías xa existentes.
 - C) AJAX utiliza sempre o formato XML para a transferencia de datos solicitados ao servidor.
 - D) Nas aplicacións desenvolvidas con AJAX non é posible realizar cambios sobre as páxinas se non se realiza a recarga de páxina.

- 71. Entre as diferentes características que teñen as aplicacións de Internet enriquecidas, indique cal das seguintes opcións NON é correcta**
- A) As aplicacións de Internet enriquecidas utilizan un navegador web estandarizado para executarse.
 - B) As aplicacións de Internet enriquecidas poden ser usadas dende calquera ordenador con conexión a Internet pero con dependencia do sistema operativo que este utilice.
 - C) As aplicacións de Internet enriquecidas utilizan unha arquitectura cliente/servidor asíncrona.
 - D) As aplicacións de Internet enriquecidas xorden como unha combinación das vantaxes que ofrecen as aplicacións web e as aplicacións tradicionais.
- 72. Indique cal das seguintes opcións NON é correcta para ser considerada como un modelo de desenvolvemento de software no ámbito de Enxeñaría de software**
- A) Modelo incremental.
 - B) Modelo lineal.
 - C) Modelo espiral.
 - D) Modelo relacional.
- 73. A enxeñaría de software está formada por métodos, ferramentas e procedementos. Indique cal das seguintes opcións é correcta:**
- A) Os métodos definen a secuencia na que se deben aplicar os procedementos.
 - B) Os métodos proporcionan información para coñecer como construír o software.
 - C) Os procedementos subministran ferramentas para a execución dos métodos.
 - D) Os procedementos achegan os métodos para a definición das ferramentas.
- 74. O proceso de desenvolvemento de software RUP (Rational Unified Process) está baseado en distintos principios clave. Indique cal das seguintes opcións NON é correcta para ser considerado un deses principios:**
- A) Equilibrio das prioridades.
 - B) Colaboración entre equipos.
 - C) Desenvolvemento secuencial.
 - D) Asegurar a calidade.
- 75. En enxeñaría de software o modelo de prototipos pertence aos modelos de desenvolvemento evolutivo. Indique cal das seguintes opcións é correcta:**
- A) Nun modelo prototipo da fase de construción pódese volver á fase de deseño.
 - B) Nun modelo prototipo da fase de deseño pódese volver á fase de avaliación.
 - C) Nun modelo prototipo da fase de análise pódese volver á fase de construción.
 - D) Ningunha das opcións anteriores é correcta.
- 76. Entre as distintas fases da enxeñaría de requisitos, indique cal é a opción correcta que reflicte a fase na que se comproba que os requisitos implementados se corresponden cos que inicialmente se pretendían:**
- A) Implementar requisitos
 - B) Verificar requisitos
 - C) Analizar requisitos
 - D) Validar requisitos
- 77. Indique cal NON é a opción correcta para ser considerada como unha das técnicas para a obtención de requisitos na enxeñaría de requisitos**
- A) Estudo de riscos
 - B) Observación
 - C) Prototipos
 - D) Entrevistas

